



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Narrativa e Ensaio en Lingua Galega e Portuguesa		Código	613G02046
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	GalegoPortugués			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Axeitos Valiño, Ricardo	Correo electrónico	ricardo.axeitos@udc.es	
Profesorado	Axeitos Valiño, Ricardo Mariño Mexuto, Marta	Correo electrónico	ricardo.axeitos@udc.es m.marinom@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo particularizado de procesos, tendencias e autores relevantes e significativos da narrativa e do ensaio en lingua galega e portuguesa.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A4	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.
A7	Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.
A8	Ter dominio instrumental oral e escrito dunha segunda lingua estranxeira.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A17	Ter un coñecemento avanzado da literatura galega.
A18	Ter un coñecemento avanzado da literatura portuguesa.
A19	Coñecer a historia e a cultura das comunidades galegofalantes.
A20	Coñecer a historia e a cultura das comunidades lusófonas.
A23	Coñecer a situación sociolingüística da lingua galega.
A27	Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua galega.
A28	Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua portuguesa.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.



C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
----	--

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Aplicar a análise e o comentario críticos a textos e discursos literarios e non literarios, utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.	A2 A11	B3 B7	C2
Aplicar na práctica o dominio instrumental oral e escrito dunha segunda lingua estranxeira.	A8		C2
Aplicar o coñecemento avanzado da literatura galega e das literaturas portuguesas.	A1 A3 A4 A7 A10 A11 A14 A15 A17 A18 A19 A23 A27 A28	B1 B4 B6 B8 B9 B10	C2 C4
Aplicar os coñecementos adquiridos sobre historia e cultura galega, portuguesa e mais das comunidades lusófonas	A7 A8 A19 A20 A27 A28	B5 B8	C2

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A narrativa na literatura galega contemporánea.	1.1. A narrativa do Rexurdimento. Modernización na época das Irmandades da Fala. 1.2. Recuperación durante o franquismo. A Nova Narrativa Galega. 1.3. Diversificación do xénero de 1975 á actualidade: autores/as, obras, tendencias e procesos de canonización.
2. A narrativa en lingua portuguesa na contemporaneidade.	2.1. Portugal. Evolución nos séculos XIX e XX. Principais tendencias do XX e posición da narrativa no canon. Correntes actuais. 2.2. Brasil. Construción e lexitimación dunha narrativa nacional. O canon da narrativa brasileira do XX: Autores/as, estéticas e funcións. Tendencias do século XXI. 2.3. Literaturas dos PALOP. A narrativa no contexto da emerxencia política e cultural. Principais autores, obras e tendencias.
3. O ensaio en lingua galega.	3.1. Ensaio e emerxencia cultural: as Irmandades da Fala. 3.2. O ensaio na segunda metade do XX: subxéneros, temáticas e autorías canonizadas. Funcións e principais correntes da actualidade.



4. O ensaio no ámbito literario lusófono.	<p>4.1. Desenvolvemento na literatura portuguesa do XIX e do XX. Principais tendencias actuais.</p> <p>4.2. Formación histórica do ensaio na literatura brasileira. Tipos e temáticas máis representativas no século XXI.</p> <p>4.3. A precariedade do ensaio nas literaturas dos PALOP. Causas e factores histórico-literarios.</p>
---	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A7 A17 A18 A19 A20 B5 B8 C4	16	24	40
Obradoiro	A1 A2 A14 A17 A18 A19 A20 B1 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10 C2 C4	10	20	30
Lecturas	A2 A4 A8 A10 A11 A15 A17 A18 A19 A20 B1 B3 B5 B6 B7	1.5	18	19.5
Traballos tutelados	A2 A3 A11 A14 A15 A17 A18 A19 A20 B1 B3 B5 B9	1	12	13
Proba mixta	A1 A2 A3 A4 A10 A11 A14 A15 A17 A18 A19 A20 A23 A27 A28 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B10 C4	1	7	8
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Sesións de traballo en que o profesorado explica os contidos teóricos e procedementais fundamentais para que o alumnado poda atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.
Obradoiro	Nestas sesións, o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistras e das lecturas realizadas, así como das competencias, destrezas e estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia. Entre estas actividades poderán contemplarse, alén doutras, a análise de fontes documentais, os comentarios de textos de diverso tipo, a resolución de problemas, as prácticas a través de TIC, probas de varía tipoloxía e estudos de casos.
Lecturas	O profesorado proporá a realización de diferentes lecturas ao longo do curso, de diferente tipoloxía. As lecturas de artigos teóricos e metodolóxicos, e outros textos breves, teñen o obxectivo de complementar as sesións maxistras, fomentar a reflexión crítica, o proceso de autoaprendizaxe e a aprendizaxe colaborativa. O profesorado fornecerá unha lista de obras ensaísticas e de ficción, da cal cada estudante deberá seleccionar varias delas para o seu estudo monográfico.
Traballos tutelados	Cada estudante realizará un traballo tutelado elaborado utilizando metodoloxías con base na "aprendizaxe colaborativa". Este traballo consiste nunha actividade individual ou en grupo reducido (dúas ou tres persoas, en función do volume de matrícula) na cal deberá ser realizado un estudo cualitativo e/ou relacional de materiais de diferente tipoloxía.
Proba mixta	Proba escrita relativa aos contidos do programa que combinará actividades de carácter ensaístico con comentario de textos e análise de fontes textuais e documentais de diversa tipoloxía.



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>Para alén da atención individualizada nas sesións presenciais de diferente tipo, durante as horas de atendimento do profesorado, o/a alumno/a recibirá toda a orientación e axuda que precise para a realización dos seus traballos.</p> <p>A forma e o momento en que se desenvolverá indicárase en relación a cada unha das actividades ao longo do curso e segundo a planificación da materia.</p> <p>O alumnado con dispensa académica deberá contactar co profesorado ao inicio do curso para fixar as actividades e traballos substitutivos da asistencia académica que necesariamente deberá realizar.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A1 A2 A14 A17 A18 A19 A20 B1 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10 C2 C4	Avaliación das actividades de diferente tipoloxía referidas na metodoloxía, incluídas as lecturas de artigos teóricos e metodolóxicos e outros textos breves, e de algunhas das obras ensaísticas e de ficción. Será proposta a realización de presentacións, debates, comentarios de textos e outro tipo de actividades. Será avaliada a participación e o traballo en equipo, a capacidade analítica e crítica, e a adecuación aos obxectivos formulados polo profesorado para cada actividade destas características.	20
Lecturas	A2 A4 A8 A10 A11 A15 A17 A18 A19 A20 B1 B3 B5 B6 B7	O control das lecturas dos libros de lectura obrigatoria será realizado a través da entrega de fichas de lectura e/ou en sesións específicas na sala de aulas. O control das lecturas breves realizadas terá lugar nas sesións correspondentes aos obradoiros. En ambos os casos será avaliada a capacidade de comprensión e síntese estruturada das principais ideas contidas nos materiais obxecto da lectura, en relación cos contidos focados e as competencias previstas na materia.	15
Traballos tutelados	A2 A3 A11 A14 A15 A17 A18 A19 A20 B1 B3 B5 B9	Traballo en que o alumnado, individualmente ou en grupo, estuda de maneira monográfica algún aspecto do temario. Contará co apoio e supervisión do profesorado, durante as aulas e en sesións específicas. Serán avaliados o rigor teórico e formal, a capacidade analítica e relacional e a elaboración de reflexións críticas.	25
Proba mixta	A1 A2 A3 A4 A10 A11 A14 A15 A17 A18 A19 A20 A23 A27 A28 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B10 C4	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico con comentario de textos e análise de fontes documentais, avaliando tanto o rigor expositivo como a precisión e calidade expresiva na exposición dos contidos.	40

Observacións avaliación



Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Así mesmo, na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliábeis. A cualificación de NON PRESENTADO/A será considerada cando o/a alumno/a non asistir á proba mixta e/ou cando tiver entregado un número das actividades contempladas inferior ao 50%.

O alumnado terá de entregar os traballos e actividades solicitados no prazo fixado. Asemade, todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado en Moodle).

Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo/a mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña" (artigo 14.4).

As persoas matriculadas a tempo parcial e que obtiveren dispensa académica deberán pórse en contacto co profesorado para fixar os traballos que deberán entregar. Tamén deberán pórse en contacto co profesorado aquelas persoas cuxo horario laboral for incompatible co seguimento da materia, mais que non cumpra as condicións para obter a dispensa académica; após as pertinentes comprobacións, poderá ter condicións de avaliación equivalentes aos da dispensa académica.

A materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precisar da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberase contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC, nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuadrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); ou, alternativamente, coa Titore ADI da Facultade de Filoloxía (no seguinte enderezo electrónico: pat.filoloxia@udc.gal).

As persoas que non superaren a materia deberán entregar, na data marcada pola Facultade de Filoloxía para a segunda oportunidade, os traballos solicitados polo profesorado [50%] e superar a proba mixta [50%]. Estas mesmas condicións serán aplicadas na convocatoria adiantada de decembro.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Casas, Arturo (2017). ?A axencia político-cultural das Irmandades e a emerxencia de prácticas protoensaísticas na Galiza do seu tempo?, en H. Monteagudo & M. D. Sánchez Vales (eds.), No tempo das Irmandades. A Coruña: Real Academia Galega - Dalcastangè, Regina (2012). Literatura brasileira contemporânea. Um território contestado. Vinhedo, SP: Horizonte - Fernández Pérez-Sanjulián, Carne (ed.) (2016). As Irmandades da Fala, cen anos despois. A Coruña: UDC - Figueroa, Antón (2010). Ideoloxía e autonomía no campo literario galego. Santiago de Compostela: Laiovento - González-Millán, Xoán (1996). A narrativa galega actual (1975-1984). Vigo: Xerais - Monteagudo, Henrique (1996). ?Nación/creación. Estética e política no agromar do ensaio galego (1916-20)?, Anuario de Estudos Literarios Galegos 1995, pp. 63-108. Vigo: Galaxia - Monteagudo, Henrique (ed.) (2016). Irmandades da Fala: oratoria e prosa non ficcional. A Coruña: Real Academia Galega - Núñez Sabarís, Xaquín (2020). Cartografías da narrativa galega contemporánea. Vigo: Galaxia - Pires Laranjeira, José Luís (1995). Literaturas africanas de expresión portuguesa. Lisboa: Universidade Aberta - Regueira, Mario (2020). Narrativa e imaxinario nacional na reconstrución do campo literario de posguerra (1936-1966). Vigo: Xerais - Reis, Carlos (coord.) (1993-2005). História crítica da literatura portuguesa (vols. 5-9) . Lisboa: Verbo - Salinas Portugal, Francisco (1997). O texto nas margens. Ensaios de literaturas em língua portuguesa. Santiago de Compostela: Laiovento - Salinas Portugal, Francisco (2006). Literaturas africanas en lingua portuguesa. Madrid: Síntesis - Saraiva, José António & Lopes, Óscar (1992). História da literatura portuguesa. Porto : Porto Editora - Sobrino Freire, Iria (2004). ?O ensaio?, en Arturo Casas (coord.), Elementos de crítica literaria, pp. 471-490.. Vigo: Xerais - Stegagno Picchio, Luciana & Bosi, Alfredo (2004). História da literatura brasileira. Rio de Janeiro: Editora Nova Aguilar - Vilavedra, Dolores (2000). Sobre narrativa galega contemporánea. Estudios e críticas. Vigo: Galaxia - Villarino Pardo, Carmen & Ruffato, Luiz (orgs.) (2011). O conto brasileiro contemporâneo. Santiago de Compostela: Laiovento - VV.AA. (1996). Historia da Literatura Galega (5 vols.). Vigo: A Nosa Terra
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Literatura Portuguesa 1/613G02026

Literatura Portuguesa 2/613G02037

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías